

Fotos:
Duas zonas afectadas polo encoro



a

AMEAZA SOBRE O MELLOR BOSQUE AUTOCTONO GALEGO: UN NOVO ENCORO NO EUME

Nas marxes do río Eume sitúan-se as manchas máis amplas e contínuas de bosque autóctono de toda Galiza, constituindo ademais estes bosques a última representación dos bosques atlánticos termófilos europeos. Este interesante ecosistema, sen parangón en Europa, xa recibiu un durísimo golpe entre os anos 50 e 60 coa construción do Encoro do Eume, que supuxo a destrución de centos de hectáreas de bosque semi-natural e a fragmentación e aillamento dos bosques superviventes. Con todo, quedan na actualidade fragas, é dicir, bosques caducifólios mixtos dominados por carballos, dunha grande extensión, diversidade e riqueza de especies, e extraordinaria beleza paisaxística, factores todos que levaron a que estes bosques do curso medio-baixo do Eume foran considerados como dignos de protección en todos os Catálogos de lugares de interese natural de Galiza realizados até o momento, e que figuren como protexidos nas Normas de Planeamento Urbanístico, tanto munici-



pais como provinciais.

Estes argumentos de protección non impiden que unha nova ameaza penda sobre a pervivencia destes bosques únicos. ENDESA, propietá-

Carlos Vales Vázquez

ria do Encoro do Eume, pretende facer un novo encoro ao pé do actual, co fin de incrementar a súa rendabilidade enerxética. De levar-se a cabo este proxecto, supoñería a interferencia humana e a destrución parcial da zona do cañón do Eume mais salvaxe, mais espectacular paisaxísticamente, e mellor conservada.

Pouco importa que esta zona estexa considerada como área protexida, e que represente o mellor exemplo europeo de bosques litorais. De non mediar a protesta e denuncia pública dos sectores ecoloxistas e socialmente máis conscientes da necesidade de conservar o patrimonio natural, un novo atentado contra o noso medio ambiente e a nosa riqueza natural consumaría-se, con carácter irreversible.